

RESOLUCIÓN 20/14

Unha vez finalizado o prazo que se lle deu aos Clubs para rexeitar formar parte da Asemblea Xeral da FEGAN e tras recibir comunicación por parte da Secretaría da Federación Galega de Natación de modificacións nos datos censais de varios Clubs

A Xunta Electoral da FEGAN,


RESOLVE:

1. Actualizar os datos dos Clubs que se detallan a continuación por ter realizado estes algunha modificación que xa consta no Rexistro da Xunta de Galicia e foi comunicado pola Secretaría da FEGAN, en base ao recollido no artigo 4.1 apartado b) do Regulamento Electoral.
 - a. Club Marina Ferrol
 - b. Club Sincro Ourense
 - c. Club Waterpolo Galaico Pontevedra
 - d. Club Natación Arzúa
 - e. Club Natación Arteixo
 - f. Club Natación Mos
2. Publicar o censo definitivo de Entidades Deportivas coas actualización mencionadas no punto anterior.
3. Non aceptar as solicitudes de renuncia a formar parte da Asemblea Xeral da FEGAN das Entidades "Club Náutico de Redondela" e "Club Natación Mos" por non ter achegado a documentación requirida.
4. Que tal e como recollimos na Resolución 02/14 e dado que o número de Entidades presentadas é igual ao que hai que elixir e ao abeiro do artigo 10.4 do Regulamento electoral non se procederá á votación, pasando a formar parte da Asemblea Xeral todos os integrantes do censo definitivo.

A presente resolución publicarase para coñecemento público e contra a mesma poderase interpor recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nun prazo de 3 días hábiles a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento Electoral.


Para que conste os efectos oportunos, certifico dita resolución co visto e praxe do presidente, na Coruña, 26 de novembro de 2014.

O secretario da XE,



Asdo.: Aitor Bouza Manso

Vto. e praxe: o presidente,



Asdo.: Pedro L. Fernández Pombo